

«No verán, o tempo váiseme das mans coma a auga»

RAMÓN RIVERA

CARBALLO/LA VOZ

«Fago unha morea de cousas. Preocúpome de poñer ao día o que teño pendente e de corrixir o que vai quedando na bandexa de saída». A escritora ceense Concha Blanco non para nin no verán. «O tempo váiseme das mans coma a auga», reconece. «Vou moito á praia cando se pode, ao apartamento que temos pretoño de Langosteira, pero bañarme nesta auga fría, non. Aquí hai que pensalo. En Menorca [onde estivo hai uns días], non». Iso si, a Concha Blanco gústalle «ser puntual» faga frío ou calor. «Iso non vai coa estación», asegura. O que si vai coa época estival é combinar o tempo entre «Cee, Fisterra, A Coruña e unha escapada». Agora só lle queda gozar das nosas costas.



Concha Blanco

O TEST

- Comida e bebida.
- Tortilla con auga ou cervexa.
- Praia favorita.
- Langosteira (Fisterra).
- Non sae da casa sen...
- Chaves, cartos, móbil...
- O mellor e o peor do día.
- O mellor é erguerme e saber que teño todo o día por diante. O peor, o aparcadoiro.
- ¿Romarías ou verbenas?
- Coa familia, romaría. Coa pandilla, verbena.
- Gasta pista con...
- As cancións *pachangueiras* das vodas. Pero as pistas, se por min fose, estarían sempre novas.
- De verán infórmase...
- Coa radio e La Voz.
- A viaxe deste verán.
- Ao mellor xorde algunha, pero non teño máis pendentes.